

Florencio Delgado Gurriarán

(Córgomo, San Martín de Valdeorras, Ourense, 1903 - Fair Oaks, California, EEUU, 1987)



Datos básicos vida e obra

Florencio naceu 1903 nunha familia moi vinculada co traballo da terra, que lle inculcou o respecto polo medio, polo idioma e a cultura galega. Malia pasar case toda a nenez en distintas cidades (polos traballos do seu pai) nunca esquece **Valdeorras**, a onde regresa cada verán. Tamén volve tras a morte da súa nai coa carreira de Dereito rematada para comezar unha nova vida. En Valdeorras participou da vida cultural e política, involucrándose activamente na creación do **Partido Galeguista** e nas primeiras eleccións da II República.

O golpe de estado do 1936 píllao en Valdeorras e escapa a Portugal baixo a aparencia de topógrafo e de alí a Francia. Vén con compañeiros galegos **combatir á guerra no bando republicano**. O final da guerra cólleo en Francia e desde alí axuda a moitos compañeiros a fuxir ao **exilio**, o que tamén fará el no 1939 camiño a **México**.

Xa no exilio tivo moi diversos traballos; formou familia con Celia (filla de emigrantes galegos) coa esperanza de voltar para Galicia, mais só viñeron en contadas ocasións. Houbo varias viaxes á súa Valdeorras natal e a outros lugares de Galicia. Despois de morto, as súas cinzas foron trasladadas ao cemiterio do seu Córghomo natal.

No exilio foi unha persoa activista total, aglutinando o exilio mexicano para facer posible un proxecto colectivo inmenso, a **Revista Vieiros**.



Florencio comezou a escribir desde moi novo e, xa de vello, recompilou eses textos en *Trangalladas de meniño...Parvadas*. Ademais, publicou poemas en moitos xornais e revistas, tanto mexicanos coma galegos, ben co seu nome propio ben cos seus pseudónimos (Korgomófilo, Nadel, Porto do Río, Xan do Sil, Sil e R. Miño). Aínda que participou en varias obras colectivas moi importantes (*Cancioneiro de loita galega* ou *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego...*) estas son as súas obras:



- *Bebedeira*, Editorial Nós, 1934
- *Galicia Infinda*, Editorial Galaxia (colección Salnés), 1963
- *Cantarenas*, Edicións do Castro, 1981
- *O soño do Guieiro*, 1986

O poeta Manuel María dedicoulle estes versos ben definitorios:


*En Valdeorras non se afán
sen o teu verso amantiño,
¿ouh Delgado Gurriarán,
cantor da terra e do viño!*

E aquí un fragmento dun poema de Florencio dedicado a Ramón Otero Pedrayo:

Don Ramón benquerido: Eu te saúdo
en nome do meu val ledo e vizoso,
da terra de Valdeorras ben amada
celmosa de godello e de caíño,
do brincadeiro Sil, do enfesto monte
e da bocaribeira corgomesa
cinguida de barreiras e de soutos.

Florencio tamén foi un grande **defensor da lingua**, un sociolingüista, pedindo sempre que se falase e se escribise con corrección, criticando a castelanización e a castrapización da mesma. Así o di nos versos iniciais do poema “Opiniós sobre o galego” publicado no ano 1931.

Preguntádelle a calquer neníño pera
dos que a feixes se atopan pol-as vilas,
que opinión é a que ten da nosa fala,
e diravos axiña:
“Yo te soy más gallego que cualquiera,
mas, caray! ¿voy hablar cual los paisanos?
No en mis días! Yo te soy hombre fino,
no te soy ordinario”.



Información tirada de varias fontes, entre elas <https://asletrasdeflorencio.gal/a-sua-vida/> así como das obras publicadas recentemente sobre o autor de Miro Villar e Xosé Ramón Pena.